QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Pola presente porpoño proceder a corrección de erro de feito detectado, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, quedando aprobada a proposta de corrección de erros por unanimidade dos presentes, quedando redactado o acordo co seguinte contido:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no **Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Román, Cadro: 0, FILA: 19, Número: 1,2,3**, que figura no título concesional a nome de dona Dolores Insua Franco , pasando a ser titularidade da súa sobriña dona Monserrat Insua Ituriza.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 07/11/1991), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 07/11/2016, e o da 2ª renovación o 07/11/2041 enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **07/11/2041**.

O titular está obrigado a solicitala próxima renovación tres meses antes de que remate a citada data 07/11/2041.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.



Concello de Viveiro

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requirimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-6569/2018

Vista a proposta de alcaldía obrante no expediente transcrita a continuación:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que en data 31 de xullo de 2019, se adoptou acordo plenario de cambio de titularidade de concesión no cemiterio municipal, que transcrito literalmente di:

“CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE 6569/2018.-

Resultando que se está tramitando o expediente 6569/2018 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, GRUPO: Santa Alsira, CADRO: 1, RINGLEIRA: 6, NÚMERO: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don José Fernández Díaz e don Eulogio Jesús Parapar Pérez, por transmisión Mortis Causa a favor da súa esposa e irmá respectivamente, dona Andrea Edelmira Parapar Pérez.

Visto que no expediente consta informe favorable do Encargado do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro. Examinada a documentación que a acompaña e visto o informe da técnico xurídico do Concello de Viveiro.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 24 de xullo de 2019.

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, GRUPO: Santa Alsira, CADRO: 1, RINGLEIRA: 6, NÚMERO: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don José Fernández Díaz e don Eulogio Jesús Parapar Pérez, pasando a ser titularidade da súa esposa e irmá respectivamente, dona Andrea Edelmira Parapar Pérez.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 02/01/1991), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, **producíndose o remate da 1ª renovación o 02/01/2016, e o remate da 2ª renovación o 02/01/2041 enténdese con este acordo a concesión funeraria renovada ata a data 02/01/2041.**

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO. Deberá procederse ao requirimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.”



Concello de Viveiro

Advertindo un erro de feito, na transcripción de datos referentes á renovación da concesión, e en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Propoño ao Pleno a aprobación da rectificación do acordo referido no seguinte senso:

"CAMBIO DE TITULARIDADE DE CONCESIÓN S NO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE 6569/2018.-

Resultando que se está tramitando o expediente 6569/2018 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, GRUPO: Santa Alsira, CADRO: 1, RINGLEIRA: 6, NÚMERO: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don José Fernández Díaz e don Eulogio Jesús Parapar Pérez, por transmisión Mortis Causa a favor da súa esposa e irmá respectivamente, dona Andrea Edelmira Parapar Pérez.

Visto que no expediente consta informe favorable do Encargado do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro. Examinada a documentación que a acompaña e visto o informe da técnico xurídico do Concello de Viveiro.

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 24 de xullo de 2019.

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, GRUPO: Santa Alsira, CADRO: 1, RINGLEIRA: 6, NÚMERO: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don José Fernández Díaz e don Eulogio Jesús Parapar Pérez, pasando a ser titularidade da súa esposa e irmá respectivamente, dona Andrea Edelmira Parapar Pérez.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/07/2006), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, **producíndose o remate da 1ª renovación o 10/07/2031, enténdese con este acordo a concesión funeraria renovada ata a data 10/07/2031.**

O solicitante ten a obriga de renovar a concesión con tres meses de antelación á citada data 10/07/2031.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO. Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Pola presente propoño proceder a corrección de erro de feito detectado, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.



Concello de Viveiro

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, quedando aprobada a proposta de corrección de erros por unanimidade dos presentes, quedando redactado o acordo co seguinte contido:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, GRUPO: Santa Alsira, CADRO: 1, RINGLEIRA: 6, NÚMERO: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don José Fernández Díaz e don Eulogio Jesús Parapar Pérez, pasando a ser titularidade da súa esposa e irmá respectivamente, dona Andrea Edelmira Parapar Pérez.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 10/07/2006), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, **producíndose o remate da 1ª renovación o 10/07/2031, enténdese con este acordo a concesión funeraria renovada ata a data 10/07/2031.**

O solicitante ten a obriga de renovar a concesión con tres meses de antelación á citada data 10/07/2031.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO. Deberá procederse ao requirimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-1965/2018

Vista a proposta de alcaldía obrante no expediente transcrita a continuación:

“Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que en data 7 de novembro do 2018, se adoptou acordo plenario de renovación de concesión no cemiterio municipal, que transcrito literalmente di:

“7.- RENOVACIÓN DE CONCESIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE 1965/2018.-

Resultando que se está tramitando o expediente número 1965/2018 de renovación da Concesión Administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no GRUPO: Santiago , CADRO: 7, FILA:C, NÚMEROS:1,2,3 e 4 , expedida a favor do solicitante don Plácido Román Otero Míguez.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe-proposta da Técnico Xurídico do Concello de Viveiro,

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 31 de outubro de 2018.



Concello de Viveiro

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMERO.- Renovar a concesión administrativa da que é titular, no Cemiterio Municipal de Altamira, Don Plácido Román Otero Míguez, correspondente os nichos sitios no Grupo: Santiago, Cadro: 7, Fila: C, Números: 1,2,3 e 4 , **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da **1ª renovación** de seu título concesional que é : 12/02/2015, polo que este prazo corresponde a **2ª renovación** que rematará o 12/02/2030.

O concesionario ten a obriga de solicita-la renovación da concesión con tres meses de antelación á finalización do período establecido nesta renovación (12/02/2030)

SEGUNDO.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza

TERCERO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requerimento, o seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Advertindo un erro de feito, na transcripción de datos referentes as datas de renovacións da concesión, e en virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Propoño ao Pleno a aprobación da rectificación do acordo referido no seguinte senso:

"7.- RENOVACIÓN DE CONCESIÓN NO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE 1965/2018.-

Resultando que se está tramitando o expediente número 1965/2018 de renovación da Concesión Administrativa de uso funerario dos nichos sitios no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no GRUPO: Santiago , CADRO: 7, FILA:C, NÚMEROS:1,2,3 e 4 , expedida a favor do solicitante don Plácido Román Otero Míguez.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe-proposta da Técnico Xurídico do Concello de Viveiro,

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural, en data 31 de outubro de 2018.

Vista a proposta da Alcaldía para a adopción de acordo plenario en orde ao outorgamento do cambio de titularidade referido.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMERO.- Renovar a concesión administrativa da que é titular, no Cemiterio Municipal de Altamira, Don Plácido Román Otero Míguez, correspondente os nichos sitios no Grupo: Santiago, Cadro: 7, Fila: C, Números: 1,2,3 e 4 , **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da **1ª renovación** de seu título concesional que é : 12/02/2015, polo que este prazo corresponde a **2ª renovación** que rematará o 12/02/2040.

O concesionario ten a obriga de solicita-la renovación da concesión con tres meses de antelación á finalización do período establecido nesta renovación (12/02/2040)

SEGUNDO.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza



Concello de Viveiro

TERCERO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requirimento, o seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Pola presente propoño proceder a corrección de erro de feito detectado, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas"

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, quedando aprobada a proposta de corrección de erros por unanimidade dos presentes, quedando redactado o acordo co seguinte contido:

PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa da que é titular, no Cemiterio Municipal de Altamira, Don Plácido Román Otero Míguez, correspondente os nichos sitios no Grupo: Santiago, Cadro: 7, Fila: C, Números: 1,2,3 e 4 , **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da **1ª renovación** de seu título concesional que é : 12/02/2015, polo que este prazo corresponde a **2ª renovación** que rematará o **12/02/2040**.

O concesionario ten a obriga de solicita-la renovación da concesión con tres meses de antelación á finalización do período establecido nesta renovación (12/02/2040)

SEGUNDO.- Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requirimento, o seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3664/2017

Vista a proposta de alcaldía obrante no expediente transcrita a continuación:

"D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto que en data 14 de xuño de 2022, se adoptou acordo plenario de cambio de titularidade de concesións no cemiterio municipal, que transcrito literalmente di:

"CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓNS NO CEMITERIO MUNICIPAL

EXP. 3664/2017

*"Resultando que se está tramitando o expediente número 3664/2017 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Cadro: 2, FILA: 8, Número: 4,5 e 6**, que figura no título concesional a nome de **Dona María Valdeflores Quelle Riveira, por transmisión Mortis Causa a favor do seu sobriño don Jesús Rivas Quelle.***



Concello de Viveiro

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta da Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Esta Alcaldía ten a ben propoñer ó Pleno da Corporación a adopción so seguinte acordo:

PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Cadro: 2, FILA: 8, Número: 4, 5 e 6**, que figura no título concesional a nome de Dona María Valdeflores Quelle Riveira, pasando a ser titularidade do seu sobriño Don Jesús Rivas Quelle.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 02/01/1988), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 02/01/2013, e o remate da 2ª renovación o 02/01/2038, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **02/01/2038**.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Advertindo un erro de feito, na transcripción de datos referentes á identificación da concesión, e en virtude do disposto no artigo 109.2 da Ley 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Propoño ao Pleno a aprobación da rectificación do acordo referido no seguinte senso:

"Resultando que se está tramitando o expediente número 3664/2017 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Cadro: 2, FILA: 8, Número: 4,5 e 6, na carta de pago números: 3,4,5,6 e 7**, que figura no título concesional a nome de Dona María Valdeflores Quelle Riveira, por transmisión Mortis Causa a favor do seu sobriño don Jesús Rivas Quelle.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta da Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Esta Alcaldía ten a ben propoñer ó Pleno da Corporación a adopción so seguinte acordo:

PRIMERO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Cadro: 2, FILA: 8, Número: 4, 5 e 6, na carta de pago números: 3,4,5,6 e 7**, que figura no título concesional a nome de Dona María Valdeflores Quelle Riveira, pasando a ser titularidade do seu sobriño Don Jesús Rivas Quelle.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón



Concello de Viveiro

unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 02/01/1988), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 02/01/2013, e o remate da 2ª renovación o 02/01/2038, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 02/01/2038.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requirimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente."

Pola presente propoño proceder a corrección de erro de feito detectado, en virtude do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas."

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, quedando aprobada a proposta de corrección de erros por unanimidade dos presentes, quedando redactado o acordo co seguinte contido:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no **Cadro: 2, FILA: 8, Número: 4, 5 e 6, na carta de pago números: 3,4,5,6 e 7**, que figura no título concesional a nome de Dona María Valdeflores Quelle Riveira, pasando a ser titularidade do seu sobriño Don Jesús Rivas Quelle.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 02/01/1988), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 02/01/2013, e o remate da 2ª renovación o 02/01/2038, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 02/01/2038.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requirimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.



Concello de Viveiro

4.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNIS PARA A CONCESIÓN DE OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO TERRESTRE CON DESTINO AS OBRAS DE INSTALACIÓN DE BOMBEO EN AS ACEÑAS. (EXPTE.-7374/2022)

Visto o expediente tramitado para aceptación das condicións para a concesión de ocupación do dominio público marítimo terrestre con destino as obras de instalación de bombeo en As Aceñas.

Vista a proposta obrante no expediente da Sra. Alcaldesa que se transcribe a continuación:

“MARÍA LOUREIRO GARCÍA, ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE VIVEIRO

Tendo en conta o expediente que se está a tramitar polo Servicio Provincial de Costas en Lugo a instancia deste Concello, respecto á solicitude de concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, con destino ás obras de instalación de bombeo en As Aceñas, no T.M. de Viveiro (Lugo).

Vista a resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar de data 16 de abril de 2024 emitida respecto á referida solicitude de concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, polas que se someten á aceptación do Concello de Viveiro as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, con destino ás obras de instalación de bombeo en As Aceñas, no T.M. de Viveiro (Lugo).

Tendo en conta que a aceptación de condicións e prescricións deberá realizarse polo Pleno do Concello, por non estar delegada a referida competencia, esta Alcaldía, presenta ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aceptar as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, con destino ás obras de instalación de bombeo en As Aceñas, no T.M. de Viveiro (Lugo), segundo se recolle ao respecto na resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar de data 16 de abril de 2024.

Segundo.- Notificar este acordo ao Servizo Provincial de Costas

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou a quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación necesaria en orde a levar a efecto o acordado no punto primeiro.”

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa que procede á explicación do punto a tratar.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aceptar as condicións e prescricións polas que se podería outorgar a concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre, con destino ás obras de instalación de bombeo en As Aceñas, no T.M. de Viveiro (Lugo), segundo se recolle ao respecto na resolución da Dirección Xeral da Costa e do Mar de data 16 de abril de 2024.

Segundo.- Notificar este acordo ao Servizo Provincial de Costas



Concello de Viveiro

Terceiro.- Facultar á Alcaldesa-Presidenta do Concello ou a quen legalmente a substitúa para levar a cabo a tramitación necesaria en orde a levar a efecto o acordado no punto primeiro.

5.- CONVENIO CIUG (EXPTE.- 2581/2024)

Visto o expediente tramitado para a aprobación do convenio coa CIUG para a realización das probas ABAU 2024.

Vista a proposta obrante no expediente da Sra. Alcaldesa que se transcribe a continuación:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro,

Visto o modelo de convenio para a celebración da ABAU no Concello de Viveiro, remitido en data 19 de marzo de 2024 pola CIUG, segundo o cal o Concello de Viveiro debería aboar a cantidade de 18.033,70 euros ao remate da convocatoria de xullo, e en todo caso antes do mes de outubro de 2024.

Tendo en conta que no Anexo I relaciónanse centros non só do municipio de Viveiro, senón tamén doutros municipios, por parte deste Concello, en aras a salvaguardar un reparto equitativo dos custos que supón o acercamento das probas da ABAU para todos os municipios beneficiados, propúxose con cada Concello afectado a sinatura dun convenio co Concello de Viveiro para un reparto prorrateado dos custos en función dos alumnos beneficiados de cada Concello. Manifestouse a vontade de sinatura do referido convenio por parte de todos os Concellos agás o Concello de Ortigueira, que quedaría excluído do convenio para a celebración das probas da ABAU en Viveiro.

Visto o modelo de convenio a asinar por parte do Concello de Viveiro e cada un dos Concellos interesados en beneficiarse do acercamento das probas da ABAU (Foz, Burela, Cervo e Ribadeo).

*Vistos os informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente e a existencia de consignación orzamentaria, **PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:***

Primeiro.- *Aprobar o convenio de colaboración coa CIUG e o CISUG para a realización, no 2024, no Concello de Viveiro das probas da ABAU dos alumnos dos centros educativos dos Concellos de Viveiro, Foz, Burela, Cervo e Ribadeo.*

Segundo.- *Aprobar o convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e os Concellos de Foz, Burela, Cervo e Ribadeo para o reparto prorrateado dos custos da celebración da ABAU en Viveiro no 2024, en función dos alumnos beneficiados de cada municipio.*

Terceiro.- *Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura dos referidos convenios e cantos trámites sexan precisos ao respecto do presente expediente.”*

Vistos os informes de Secretaría e Intervención obrantes no expediente, así como a existencia de consignación orzamentaria.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Desenvolvemento Local.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa que procede á explicación do punto a tratar, informando que todos os concellos teñen ó día o pago excepto Ortigueira que ten unha débeda aproximada de 13.000€ e Ribadeo de 27.000€. Comenta que este último no 2014 pagou 3 anos pero segue con débeda, engadindo que Mondoñedo debe 622€ do ano da pandemia. Continúa informando que este convenio xa se leva facendo hai moitos anos con acordos dos concellos e este ano decidiuse facer un convenio por escrito.



Concello de Viveiro

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando do seu voto a favor do convenio e pregunta se cabe a posibilidade de mediante o convenio se poidan reclamar as cantidades debidas.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, informando da súa intención de voto a favor da proposta e informa que todos os anos cando fai a liquidación a CIUG envíaselle ao concello correspondente un escrito coa cantidade que ten que aportar, que vai en función do número de alumnos beneficiado de cada concello. Sinala que Foz, Burela e Cervo si que están ao día dos pagos. Remata informando que este ano sube 6000€ o custo deste servizo e entende que ao ter este servizo no concello os rapaces da zona non se teñen que desprazar a Lugo para facer a ABAU.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, preguntando se teñen información de porque este servizo subiu un 30% este ano e tamén queren saber se eses concellos que non pagaron se negaron a realizar o pago por escrito e tamén queren saber se se lles solicitou o pago por escrito.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que todos os anos envíase dúas veces un escrito reclamando a débeda e non contestaron ao mesmo. Indica que saben extra oficialmente que Ribadeo por exemplo non paga facendo referencia a problemas por parte da Intervención. Aclara que o concello de Viveiro adianta os cargos á CIUG e os concellos que non realizan o pago non deron explicacións. En canto á subida deste ano comenta que ese importe é o establecido por parte da CIUG e descoñecen o motivo desta subida.

Non existindo mais debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración coa CIUG e o CISUG para a realización, no 2024, no Concello de Viveiro das probas da ABAU dos alumnos dos centros educativos dos Concellos de Viveiro, Foz, Burela, Cervo e Ribadeo.

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración a asinar entre o Concello de Viveiro e os Concellos de Foz, Burela, Cervo e Ribadeo para o reparto prorrateado dos custos da celebración da ABAU en Viveiro no 2024, en función dos alumnos beneficiados de cada municipio.

Terceiro.- Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura dos referidos convenios e cantos trámites sexan precisos ao respecto do presente expediente.

6.- RATIFICACIÓN DO ACORDO DE PRÓRROGA DO CONTRATO DO SAF. (EXPTE 1437/2020)

Visto o expediente sobre a prórroga anual do contrato denominado “Prestación do servizo de axuda no fogar nas modalidades de libre concorrencia e dependencia do Concello de Viveiro”.

Visto a proposta da Sra Alcaldesa que se transcribe a continuación:

“María Loureiro García, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Viveiro

*Visto o expediente 1437/2020, referente ao contrato **Prestación del servicio de ayuda en el hogar en las modalidades de libre concurrencia y dependencia del Ayuntamiento de Viveiro**, formalizado en data 30 de abril de 2021, con Idades S.L., con prazo de duración de 2 anos e posibilidade de prórroga de 1 ano.*

Resultando que o referido contrato remata a súa vixencia o próximo 30 de abril de 2024, atopándose nestes



Concello de Viveiro

momentos en tramitación a próxima licitación, na fase de elaboración dos pregos que rexerán a contratación.

Tendo en conta que o artigo 29 da LCSP establece o seguinte:

“(...) 2. El contrato podrá prever una o varias prórrogas siempre que sus características permanezcan inalterables durante el período de duración de estas, sin perjuicio de las modificaciones que se puedan introducir de conformidad con lo establecido en los artículos 203 a 207 de la presente Ley.

La prórroga se acordará por el órgano de contratación y será obligatoria para el empresario, siempre que su preaviso se produzca al menos con dos meses de antelación a la finalización del plazo de duración del contrato, salvo que en el pliego que rija el contrato se establezca uno mayor. Quedan exceptuados de la obligación de preaviso los contratos cuya duración fuera inferior a dos meses.

En ningún caso podrá producirse la prórroga por el consentimiento tácito de las partes. (...)

4. Los contratos de suministros y de servicios de prestación sucesiva tendrán un plazo máximo de duración de cinco años, incluyendo las posibles prórrogas que en aplicación del apartado segundo de este artículo acuerde el órgano de contratación, respetando las condiciones y límites establecidos en las respectivas normas presupuestarias que sean aplicables al ente contratante. (...)

No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un período máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario.(...)”

Resultando que o servizo de axuda no fogar é un servizo de tracto sucesivo e imprescindible, non resultando viable por razóns de de interese público prescindir da súa prestación en tanto en canto non remate a actual licitación en trámite.

Resultando que en data 17 de abril de 2024 se remitiu á empresa adxudicataria solicitude de mantemento da prestación do servizo por un prazo máximo de tres meses, mantendo as condicións do actual contrato, en tanto non se procedese ao remate da licitación, manifestando a súa conformidade en data 29 de abril de 2024.

Visto que consta no expediente informe da Secretaria Xeral, no que se sinala o seguinte:

“INFORMO

Primeiro.- *O prazo máximo de duración previsto para este contrato, incluída a posibilidade de prórroga, é de tres anos, concluíndo o vindeiro 30 de abril de 2024.*

O prazo máximo previsto no artigo 29.4 LCSP para os contratos de servizos é de cinco anos, non chegando o contrato que nos ocupa ao máximo establecido.

Prevé así mesmo o artigo 29.4 a posibilidade de prorrogar o contrato orixinario ata un máximo de 9 meses en tanto se adxudica o novo contrato cando existan razóns de interese público para non interromper a prestación, establecendo uns requisitos, como que o anuncio de licitación se publicase con tres meses de antelación ao remate do contrato e que o novo contrato non se tivese formalizado como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles.

No suposto que nos ocupa non se cumpre co requisito previsto no artigo 29, posto que non se ten publicado a licitación coa antelación requerida nin consta que se producisen incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles que determinasen a imposibilidade de ter formalizado o novo contrato. Non obstante, considérase que cómpre ter en conta que esta previsión se contempla como unha “prórroga excepcional” de nove meses, a maiores do prazo máximo contemplado para a duración dos contratos de subministrados e servizos no mesmo



Concello de Viveiro

punto do artigo 29. Neste senso o artigo 29.4 contempla un prazo máximo de duración de cinco anos para esta tipoloxía de contratos e a continuación regula este suposto de “prórroga excepcional” cando se cumpra cos requisitos previstos expresamente no apartado que a regula. Polo tanto procede analizar a viabilidade de contemplar a súa aplicación para o contrato do servizo de axuda no fogar que vence o próximo 30 de abril.

Dunha lectura literal do precepto parece que non resultaría aplicable ao non terse cumprido as premisas que dan lugar a dita prórroga, pero dunha análise conxunta da regulación deste punto, cómpre realizar un estudo sistemático da mesma, tendo en conta o contexto da regulación desta “prórroga excepcional”, referido no parágrafo anterior.

O prazo de duración total do contrato vixente é de tres anos, dous anos menos do prazo máximo previsto no artigo 29.4. O custo mensual deste servizo, segundo os datos da última mensuralidade, ascende a 106.561,75 €, excedendo do límite máximo anual previsto para os contratos menores. Cómpre ter en conta, ao respecto dos denominados como “contratos ponte”, que a Xunta Consultiva de Contratación do Estado, no informe 73/2018, admitía o uso da figura do contrato menor como “contrato ponte”, cando por necesidades imprescindibles do servizo, este non pode ser deixado de prestar en tanto non se finaliza a licitación, indicando o seguinte:

“Por lo que se refiere al empleo de la figura del contrato menor cuando no quepa la aplicación del artículo 29 (en este supuesto lo que existe es una prórroga del contrato anterior), ya declaramos que en este supuesto de patología de la actuación de la entidad contratante no cabe entender que la excepcionalidad de la situación justifique el incumplimiento de los requisitos establecidos legalmente para el empleo del procedimiento, pero que el contrato menor sí que podía emplearse a estos efectos cuando fuera imprescindible por razón de la imprescindible continuidad del servicio. Tal necesidad sólo puede estar justificada atendiendo a la naturaleza del propio servicio, sin que quepa considerar que esta opción cabe respecto de cualquiera. La excepcional circunstancia de la situación deberá justificarse sólidamente en el expediente de contratación.”

Pode denotarse polo tanto que a Xunta Consultiva de Contratación do Estado ven admitindo a posibilidade de usar o “contrato menor ponte” nos supostos de imprescindible continuidade do servizo, xustificada, en tanto non se procede á licitación.

Na presente contratación, que pola súa natureza resulta de imprescindible continuidade, non resultando posible deixar de prestar o servizo dun día para outro sen outra alternativa, deixando en total desamparo aos usuarios do servizo, en moitos casos dependentes, non cabe a utilización do “contrato menor ponte”, ao exceder o importe do importe máximo previsto para os contratos menores.

Non obstante, considérase que, téndose contemplado pola Xunta Consultiva de Contratación do Estado a posibilidade de utilizar esta opción do “contrato menor ponte” para non interromper servizos que precisasen da imprescindible continuidade, e non se tendo superado o prazo máximo previsto no artigo 29.4 para a duración dos contratos de servizos, podería utilizarse a “prórroga excepcional” prevista nese mesmo punto, únicamente polo tempo imprescindible para a licitación do novo procedemento, que debería realizarse á maior brevidade posible, en tanto en canto a non formalización do novo contrato leva á necesidade de manter o servizo coa actual empresa máis tempo do previsto no contrato inicial. Enténdese que esta prórroga excepcional debe contar coa conformidade da empresa.

Segundo.- O acordo da prórroga excepcional contemplada no artigo 29.4, polo prazo de tres meses sinalado na solicitude formulada pola Alcaldía deberá acordarse como máximo, ao vencemento do prazo de duración do contrato (30 de abril de 2024) sendo o órgano competente o órgano de contratación.

Terceiro.- Debe constar no expediente previamente a conformidade da empresa contratista, así como informe de consignación orzamentaria e informe de fiscalización da Intervención municipal.”

Visto que consta no expediente a existencia de consignación orzamentaria para unha prórroga de tres meses e informe de fiscalización da Intervención municipal.

Resultando que o órgano competente para a adopción do acordo de prórroga é o órgano de contratación, sendo o órgano de contratación deste contrato o Pleno da Corporación e tendo en conta que o prazo de vixencia do contrato actual remata o 30 de abril de 2024, debendo terse acordado a prórroga como máximo nesa data e que o próximo pleno se celebrará o vindeiro 8 de abril, estando convocadas comisión informativas para o vindeiro 2 de abril, en aras a garantir a continuidade do servizo, por parte da Alcaldía, estando facultada polo órgano de contratación para a realización dos trámites necesarios en tanto non correspondan ao mesmo, RESOLVEUSE en data 30 de abril de 2024, co fin de non interromper a prestación do servizo, por razóns de interese público, o seguinte:

Primeiro.- Acordar a prórroga da prestación do servizo de axuda no fogar, dende a data de remate do contrato vixente, 30 de abril de 2024, ata o remate da tramitación da actual licitación, mantendo inalterables as características prestacionais e económicas do vixente contrato, e por un período máximo de tres meses, nos que o Concello se compromete a realizar a referida tramitación, aprobando o gasto correspondente ao referido



Concello de Viveiro

período, mantendo inalteradas as características económicas do contrato.

Segundo.- O presente acordo deberá ser ratificado polo órgano de contratación na vindeira sesión plenaria, sendo incluído de urxencia tanto na previa comisión informativa como na sesión do pleno. No suposto de que non sexa ratificado o presente acordo polo órgano de contratación, a presente resolución deixará de surtir efecto, debendo ser notificado o acordo adoptado polo órgano de contratación ao contratista.

Terceiro.- Notificar o presente acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos e dar traslado da mesma aos departamentos de Contratación, Intervención e Tesourería."

En base a todo o exposto, **PROPONSE** ao Pleno da Corporación, como órgano de contratación do contrato **Prestación del servicio de ayuda en el hogar en las modalidades de libre concurrencia y dependencia del Ayuntamiento de Viveiro:**

Primeiro.- Ratificar o acordo de prórroga da prestación do servizo de axuda no fogar, dende a data de remate do contrato vixente, 30 de abril de 2024, ata o remate da tramitación da actual licitación, mantendo inalterables as características prestacionais e económicas do vixente contrato, e por un período máximo de tres meses, nos que o Concello se compromete a realizar a referida tramitación, aprobando o gasto correspondente ao referido período, mantendo inalteradas as características económicas do contrato.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos e dar traslado da mesma aos departamentos de Contratación, Intervención e Tesourería."

Visto os informes incluídos no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Muller, Igualdade e Benestar Social.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa que procede á explicación do punto a tratar, comentando que o servizo non se trata dun servizo fixo, senón dun servizo con moitas alteracións, con incrementos e reducións de horas que dependen das necesidades dos usuarios. Informa que no contrato hai que ter en conta as características do concello con máis de 82.000 horas de servizo no ano 2023. Aclara que o contrato faise con un nº de horas estimadas e o adxudicatario ten que dispoñer do número de traballadores necesarios e ten obrigación de subrogación do persoal. Informa que para o estudo de custos hai que ter en conta os datos necesarios para a subrogación e a información necesaria para estimar un estudo do custo da subrogación do persoal; estes datos facilitounos a empresa en febreiro, de forma xeral, e unha vez que se tiña esta información, empezouse a elaborar o prego e o estudo de custos podendo comprobar que o prezo de licitación por hora sería de 20 ou 21 €/hora, sendo actualmente 16.04 €, o que supón unha subida de case 5€/hora e polo tanto mantendo as mesmas horas de servizo, o contrato tería un custo de 350.000€ máis que o actual. Engade que vistos estes datos optouse por prorrogar o contrato presente co prezo actual e así poder ter un aforro para o concello. Informa que o pasado 29 de abril a empresa contestou que si que aceptaba unha prórroga de tres meses e di aí a urxencia de levar a este pleno esta prórroga, informando que nestes tres meses xa debería chegar de forma completa a documentación necesaria para a subrogación do persoal.

Intervén D^a. Saray Ventura Fernández, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, considerando unha irresponsabilidade por parte do goberno traer con urxencia este contrato ao pleno debido a que xa se prorrogou no ano 2023 coñecendo polo tanto a súa data límite, reprochando que nese ano non se fixesen os procedementos adecuados para licitar e agora din que van facelos en tres meses. Remata entendendo que hai deixadez por parte do goberno esperando o último día para facer os procedementos oportunos e comenta que non sabe o que pasaría se a empresa non aceptase a prórroga alegando que se trata un servizo básico, un servizo social fundamental no concello e polo tanto non considera lóxico arriscar con este tipo de contratos. Engade que os informes non están



Concello de Viveiro

asinados pola interventora e pregunta se a Secretaria Xeral do concello pode garantir que o acto non sexa nulo de pleno dereito, solicitando que se dea resposta a esta cuestión e conste en acta, explicando que en función da resposta da Secretaria decidirán o seu voto.

Intervén D^a Miriam Bermúdez Garcia, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que este é un servizo de primeira necesidade que non debería ser delegado aos concellos e debería realizalo a Xunta, que é da súa competencia.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando que non se debería estar fóra de prazo e comenta que na proposta de Alcaldía hai erros de datas, entendendo que se fala de abril e deberíase falar de maio. Aclara que a prórroga solicitouse o 17 de abril baseándose nun aforro económico pero entenden que non é razón para facelo fóra de prazo e considera non parece procedente que se acorde a prórroga a posteriori da data de finalización. Reprocha que se os datos os tiveron o 22 de febreiro, non entende que a prórroga se solicitase o 17 de abril e entende que foron moi xustos nos tempos e pide que se sexa máis coidadoso con estes temas. Indica que o voto para o novo contrato hai tempo de valoralo e informa que agora van a votar a favor da prórroga do contrato.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que lle dará a palabra despois á Secretaria Xeral, e sinala que se prorrogou un ano debido a que estaba contemplado no contrato e o servizo estaba funcionando ben e informa que nestes dous meses houbo negociacións coa empresa para chegar a un acordo e como o servizo estaba funcionando ben e un novo contrato supón un aumento de gasto en tres meses de 90.000€ ademais de que faltaba documentación, despois do traballo que realizou o director de Servizos Sociais tanto de busca de documentación como de negociación coa empresa, optouse por prorrogar tres meses o contrato e así aforrar eses 90.000 € e ter tres meses mais de prazo para poder obter a documentación precisa e elaborar o novo prego. Remata indicando que é un servizo que lle corresponde á Xunta de Galicia.

Intervén a Secretaria Xeral do Concello, a petición da Sra. Alcaldesa, informando que neste expediente consta emitido informe de Secretaría, ao que se remite. Engade que tamén consta informe de fiscalización da Intervención, asinado por delegación de sinatura, ao respecto da cal indica que consta unha delegación de sinatura da Interventora asinada tamén pola Alcaldía, a favor de persoal técnico dos servizos económicos, motivada por unha situación coxuntural temporal sobrevida, na que a Interventora asume a responsabilidade da delegación co fin de non paralizar a actividade administrativa diaria a non contar con outra posibilidade inmediata de nomeamento ao efecto. Engade que se está a pedir un informe que excede a posibilidade de emisión a viva voz na sesión plenaria, remitíndose no que atinxe ao presente expediente, no que respecta á Secretaría, ao informe favorable emitido por Secretaría obrante no expediente.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que non sabe que se pretende por parte do Partido Popular, preguntando se quere que se paralice o concello debido a unha intevención de urxencia que se lle realizou á Interventora e non entende que pretensión ten o Partido Popular neste senso debido a que xa tiveron este problema cando a Secretaria Xeral estivo de baixa. Aclara que fan todo o que poden para que non se paralice o concello.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, aclarando que a intención do Partido Popular é aclarar as cousas e cando vai votar buscar facelo con responsabilidade e como non sabían como era esa delegación de firma preguntaron como era e informa que se alguén se responsabiliza desa sinatura van votar a favor. Aclara que a única intención do Partido Popular é esa, non amedrentar a ninguén nin nada máis. Reprocha que aquí o que se está a debater é a prórroga do contrato do SAF, e entende que poden divagar canto paga cada un, a Xunta e máis a Deputación, pero recorda que hai un contrato que rematou o 30 de abril e hoxe, a día 8 de maio non se votou aínda a prórroga, reprochado que leva un atraso dunha semana. Entenden que é necesaria a aprobación desta prórroga e como a Secretaria informou con respecto á súa dúbida sobre o informe de Intervención, anuncia o seu voto a favor da prórroga.



Concello de Viveiro

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que asinou o decreto o día 30 de abril e polo tanto o contrato non está en precario eremata recordando que á Secretaria Xeral xa se lle preguntou a úbida na Comisión Informativa e xa aclarou a situación ao respecto nesa reunión.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, aclarando que a subida de prezo debe de ir á Mesa de Contratación e entende que o argumento de ir a unha prorroga de tres meses para aforrar 90.000 €, aínda que considera bo esa política de austeridade, m considera que a causa desta renovación foi a demora na licitación.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando que un dos argumentos foi que é un servizo variable e reitera que a empresa presentou a documentación tarde e sen todos os datos e en base a iso o director de Servizos Sociais plantexou a posibilidade dunha prorroga.

Non existindo mais debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Non existindo mais debate sobre este asunto, procédese á votación, acórdandose con 8 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSOE e BNG e 9 abstencións, correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PP e Por Viveiro, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Primeiro.- Ratificar o acordo de prórroga da prestación do servizo de axuda no fogar, dende a data de remate do contrato vixente, 30 de abril de 2024, ata o remate da tramitación da actual licitación, mantendo inalterables as características prestacionais e económicas do vixente contrato, e por un período máximo de tres meses, nos que o Concello se compromete a realizar a referida tramitación, aprobando o gasto correspondente ao referido período, mantendo inalteradas as características económicas do contrato.

Segundo.- Notificar o presente acordo ao contratista para o seu coñecemento e efectos e dar traslado da mesma aos departamentos de Contratación, Intervención e Tesourería

7.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO VIA SUPLEMENTO DE CRÉDITO E RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (EXPTE.-1740/2024)

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento vía suplemento de crédito e recoñecemento extrajudicial de crédito.

Vista a proposta da Sra. Alcaldesa incluída no expediente que se transcribe a continuación:

“Asunto: Recoñecemento extrajudicial de crédito no 2024 de obrigas adquiridas no 2023. Modificación do Orzamento prorrogado do Concello de Viveiro 2022 ao 2024, vía Suplemento de Crédito, por importe de 454.810,87 €.

Logo de ver informe de intervención en relación con facturas o gastos do exercicio 2023, conformadas ou informados favorablemente, sen consignación orzamentaria no ano de orixe, constan na conta 413 “Acredores por operacións devengadas”, constan de expedientes individuais, son gastos sen contrato previo ou fora de contrato, ben por exceso ou por finalización do prazo, existe informe de necesidade polo órgano de contratación, consta memoria xustificativa do gasto e tratase de imputalas ao orzamento do exercicio 2024, previa dotación de consignación suficiente e dando por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisión da fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada.

Polo exposto, e resultando que do expediente se desprende:

Que se precisa da existencia de crédito suficiente nas aplicacións presupostarias do Presuposto vixente, as que



Concello de Viveiro

se imputa o gasto.

Que se encontra acreditada a realización do servizo/subministro/obra e o importe do prezo aplicado e facturado.

Que os prezos aplicados axústanse ao mercado.

Considerando que pola parte xestora do gasto informase favorablemente o servizo/subministro/obra realizado, o gasto derivado da prestación e as facturas que os contemplan.

Visto que pola Intervención emítese informe de reparo de legalidade/omisión de fiscalización e sobre a procedencia do recoñecemento extraxudicial dos créditos.

Visto o disposto na Base 23ª de execución do presuposto, onde se establece o procedemento e documentación para a tramitación dun recoñecemento extraxudicial de crédito e de omisión da función interventora.

Considerando que o expediente sigue a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo su aprobación polo Pleno.

Propónse ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2022 prorrogado ao 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1650	22100	Enerxía eléctrica.Alumeado Público	90.436,76 €
1610	619	Otras inversiones de reposición en infraestructuras y bienes	10.384,96 €
2317	22100	Enerxía eléctrica. Centros Socio-Culturais	1.991,98 €
2310	48999	Outras transferencias. S. Sociais	3.507,92 €
3380	22609	Actividades culturais e deportivas.Festas populares	286.549,38 €
3400	48999	Outras Transferencias. Deportes	45.562,43 €
3260	626	Equipos para procesos informacion.Conservatorio	1.068,88 €
4300	22602	Publicidade e propaganda. Turismo.	9.652,49 €
9200	213	Maquinaria, instalacións técnicas e ferram.Admon. Xeral.	2.282,62 €
9120	626	Equipos para procesos de información. Organos de Gobierno	3.373,45 €
			454.810,87 €

Financiamento:

Concepto Ingresos	Denominación	Importes
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	454.810,87 €

SEGUNDO. - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 454.810,87 euros, condicionado á aprobación definitiva da modificación de crédito do vixente orzamento 2022 prorrogado no 2024, vía suplemento de crédito, do punto anterior.

CUARTO. –Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

QUINTO. - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.”



Concello de Viveiro

Visto os informes incluídos no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, que procede á explicación do punto a tratar, indicando que se trata de gastos de subministración e servizos para desfrute dos veciños que se consideran necesarios e non puideron ser aplicados no orzamento de 2023. Informa que todas as facturas están conformadas favorablemente e tátase de imputalas ao orzamento de 2024, financiando a modificación de crédito con remanente de tesoureira, recordando que os remanentes son para aplicar no ano seguinte á súa consecución. Informa que a totalidade de facturas no 2023 foi de 3116, das cales 293 están afectadas por esta situación. Indica que esta forma excepcional esta prevista na normativa segundo indica o informe de Intervención. Comenta que nos últimos plenos só se levou a pleno nunha ocasión un recoñecemento extraxudicial de menor cuantía. Informa que dende a entrada en vigor da Lei de Contratos actual o concello de Viveiro licitou 165 contratos e segundo se ve nas mesas de contratación continúa a licitar un número importante de contratos, prevendo licitar todo en 2024. Recorda que tamén ás veces hai contratos que quedan desertos e fanse propostas de gasto mentres non se adxudican. Pide desculpas publicamente aos provedores polo atraso de pago e recorda que o 2023 foi convulso debido a que se tiveron que soportar importantes subidas nos custos das subministracións e servizos, destacando o incremento da enerxía eléctrica. Remata indicando que foi unha situación excepcional nunha anualidade excepcional.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, manifestando que o que dí sobre que foi un ano excepcional debe de ser porque era un ano de eleccións, indicando que a proposta deixa clara a xestión deste bigoberno, entendendo que son culpables ambas forzas. Recorda que están sen orzamento aprobado, cun orzamento prorrogado do 2022, e están a falar de 835.000 € en facturas sen consignación orzamentaria. Sinala que o informe de intervención di que son gastos efectuados indebidamente no 2023 pola carencia de consignación orzamentaria e a carencia de procedemento de contratación, alegando que tamén se saltan os procedementos de contratación correspondentes a contratos menores con reparo de legalidade e con informes desfavorables de intervención. Indica que ese remanente de tesourería é para tratar imprevistos pero comenta que con este desmadre hai que usalo para pagar a metade da débeda adquirida no 2023. Entende que detrás deses desmadres hai provedores con familias, que precisan cobrar e non poden estar a expensas de que gasten 5.000 € en actuacións dun mago e mentres están sin cobrar eses provedores. Considera que non é decente esta situación e engade que por parte de Secretaría en cada un dos informes desfavorables faise referencia á circular asinada por secretaria e intervención en febreiro de 2024.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, considerando unha hipocresía o que di a voceira do PP despois de votar en contra do orzamento de 2024 presentado en decembro. Recorda que o BNG entrou a gobernar o 1 de agosto de 2023, e desas 293 facturas tan só unha foi tramitada polo BNG, que se corresponde coa factura de dous ordenadores necesarios para o seu traballo, debido a que cando entraron no goberno non había ordenadores para eles. Informa que cando coñeceron que había esas facturas, tomáronse as medidas necesarias para paralizar esa, que a día de hoxe se atopa subsanada. Indica que non se fixo nada por capricho, foron facéndose as propostas pouco a pouco e informa que o seu grupo non está de acordo con moitos dos conceptos pero os traballos están feitos e hai que pagalas. Informa que van absterse na votación.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro,



Concello de Viveiro

manifestando que o orzamento de 2023 non se aprobou porque o PSOE non quixo, xa que non se trouxo ao pleno para a súa aprobación, e considera que iso manifesta o exceso de confianza do PSOE que contaba gañar as eleccións. Entende que os cartos están gastados de forma descontrolada e informa que eles xa avisaron de que estaban en contra de actuar dese xeito. Considera que hai cero transparencia no goberno debido a que hai clubs que tiveron aportacións por parte do concello e outros non, hai asociacións que foron de viaxe e outras non, entendendo que non hai igualdade de oportunidades. Recorda que a maioría das empresas ás que se lles deben esas facturas son empresas locais e polo tanto están condicionados por saber que esas empresas necesitan cobrar e por suposto é inxusto para os provedores estar sin cobrar. Informa que van absterse na votación pero suspenden a forma de actuar durante o 2023 e apuntan que isto non pode volver a suceder.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, puntualizando que as facturas non foron de antes das eleccións senón que son de xullo, agosto, etc. Tamén puntualiza que o orzamento de 2024 se trouxo a pleno o 28 de decembro, non gustou e non se aprobou e polo tanto estase sen el. Tamén puntualiza que se pode discutir o que se queira pero o certo é que este procedemento está amparado pola lei e esa circular que menciona fíxose despois das facturas e matiza que considera que non será culpa do goberno que non saian os contratos. Pasa a explicar as cantidades de cada concepto e comenta que está claro que o goberno progresista colaborou sempre e axudou a clubs e asociacións pero matiza que o ano pasado non se puido facer esgotando todas as posibilidades para poder realizar as subvencións nominativas.

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, alegando que lles parece mal que votaran en contra dos orzamentos cando non intentaron negociar. Informa que no 2022 había partidas como as de festas con 106.000€ e hai que recoñecer 332.000 € nesa partida, gastándose soamente nese concepto 438.000, pasando algo similar tamén coa partida de publicidade. Apunta que o remanente de tesoureira, no 2022 tivo para axudar aos clubs e asociacións agora non pode usarse para ese fin debido a que agora ten que ir para esas facturas. Fai alusión ás palabras da portavoz do BNG que entende que bota balóns fóra e está gobernando, entendendo que defende o seu e o resto non lle importa nada. Recórdalle que dende que chegaron ao goberno, dende agosto, tamén hai facturas e pídelle que explique a súa abstención cando provocou tamén o gasto.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, alegando que cada un defende o que quere, e di que o remanente existe ou non existe, e se non o hai non se pode usar.

Non existindo mais debate sobre este asunto, procédese á votación, acórdandose con 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do PSOE e 12 abstencións, correspondentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG, PP e Por Viveiro, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento 2022 prorrogado ao 2024, vía suplemento de crédito co seguinte detalle:

Suplemento de Crédito:

Aplicacións orzamentarias			Importe
1650	22100	Enerxía eléctrica.Alumeado Público	90.436,76 €
1610	619	Otras inversiones de reposición en infraestructuras y bienes	10.384,96 €
2317	22100	Enerxía eléctrica. Centros Socio-Culturais	1.991,98 €
2310	48999	Otras transferencias. S. Sociais	3.507,92 €
3380	22609	Actividades culturais e deportivas.Festas populares	286.549,38 €
3400	48999	Otras Transferencias. Deportes	45.562,43 €



Concello de Viveiro

3260	626	Equipos para procesos informacion.Conservatorio	1.068,88 €
4300	22602	Publicidade e propaganda. Turismo.	9.652,49 €
9200	213	Maquinaria, instalacións técnicas e ferram.Admon. Xeral.	2.282,62 €
9120	626	Equipos para procesos de información. Organos de Gobierno	3.373,45 €
			454.810,87 €

Financiamento:

<u>Concepto Ingresos</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importes</u>
870.00	Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	454.810,87 €

SEGUNDO. - Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Intervención municipal por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no B.O.P., todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado periodo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 454.810,87 euros, condicionado á aprobación definitiva da modificación de crédito do vixente orzamento 2022 prorrogado no 2024, vía suplemento de crédito, do punto anterior.

CUARTO. –Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

QUINTO. - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.

2ª PARTE:

PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

2.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INFORMACIÓN ECONÓMICA, ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, PERÍODO MEDIO DE PAGO E MOROSIDADE, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2024 (EXPTE.- 3534/2024)

Dase conta do informe de información económica, estabilidade orzamentaria, periodo medio de pago e morosidade, correspondente ao 1º trimestre de 2024.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando en resumo o informe do que se dá conta ao pleno.



Concello de Viveiro

3.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 05/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-1409).

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

"En el pleno municipal del pasado 28/12/23 se sometió a votación una propuesta de presupuesto 2024 presentada por el grupo de gobierno PSOE+BNG, resultando rechazada.

Posteriormente se cerró el año 2023 con un desfase de 834.927,15 euros.

Por la información contable que conocemos siguen aflorando en este ejercicio facturas correspondientes al ejercicio 2023 con lo que el desfase sigue creciendo.

Ruego

Nos expliquen si tienen previsto elaborar una nueva propuesta teniendo en cuenta el ajuste obligado por el desfase en el presupuesto 2023 o por el contrario seguir con el presupuesto prorrogado ."

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, procedendo á lectura do rogo. Engade que o orzamento do 2024 que se presentou ao pleno, con estes datos non se podía executar.

Intervén a Sra. Alcadesa solicitándolle que se ciña á lectura do rogo.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que a intención é aprobar o orzamento do 2024 e informa que non van a aflorar mais facturas, indicando que estanse a facer os últimos informes desas facturas que faltan para poder realizar a tramitación das restantes. Comenta que estase negociando coa Deputación para poder pechar os orzamentos e estase intentando cadralos para poder volver traealos a pleno.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, comentando que se se ven as facturas emitidas antes do 30 de novembro de 2023, rexistradas en xaneiro, febreiro e marzo suman de 114.000€. Informa que en empresas isto no pasa debido a que se contabilizan polo devengo. Apunta que se percibe un desfase real de 1.200.000 €, non a cifra teórica que contemplan as cifras do Concello aínda que formalmente estea correcta.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que as facturas que quedan pendentas do 2023 que suman uns 381.000 € aproximadamente.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, considerando que non falan do mesmo.

ROGO PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN DATA 05/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RE-1408).

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, que procede á lectura do rogo.

El paseo fluvial que bordea el río Landro discurre entre el puente de la vía del tren situado en el parking de la variante y el Área recreativa de Portochao, y dibuja un paisaje y un entorno natural inmejorable para la práctica de deporte o para el disfrute de un paseo tranquilo a lo largo de un recorrido de varios kilómetros. Conecta la ciudad con la parroquia de Galdo y constituye un rincón único declarado Zona de Especial Protección de los Valores Naturales (ZEPVN) y Lugar de Importancia Comunitaria (LIC).



Concello de Viveiro

Al situarse cercano al casco histórico, se trata de un camino muy visitado y transitado a lo largo de todo el año, tanto por los vecinos como por todos aquellos que visitan nuestro municipio, especialmente en períodos estivales.

Los viandantes y usuarios de este paseo y de los parques infantiles situados al inicio y al final del camino pueden ver todo tipo de desperfectos como losetas de caucho del parque dañadas, zonas de juego con pintadas de grafiti y deterioradas, losas del paseo rotas y levantadas, varios carteles informativos y señales ilegibles, alguna zona que acumula lodos que dificulta el paso, en algunos puntos maleza invadiendo el paseo, un banco con partes rotas que deja puntas al aire, alguna acumulación de ramas a los lados del paseo que facilita la proliferación de avispas, tabloncillos de madera de la pasarela rotos, una barandilla de madera partida por la mitad... :

Por lo expuesto anteriormente, ROGAMOS:

Que el gobierno municipal repare los elementos del paseo que están deteriorados y en estado deficiente, y que se realicen los trabajos necesarios para revertir la situación de abandono de este entorno natural que garanticen la seguridad de los viandantes.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, considerando que está lonxe do abandono, dado que abandonado estaría se non se fixese nada e outra cousa é facer o máximo co condicionante económico que hai a día de hoxe. Informa que se invertiron en 2023 no paseo 23.000 €. Entende que fan o que poden e aclara que o paseo se construiu no 2001 e en 23 anos o mantemento foi insuficiente. Indica que nos últimos meses hai intervencións cuantiosas na zona e neste intre estase a buscar a forma de solucionar unha parte da pasarela que está mal e estase mirando se se pode solventar e tamén se está barallando a opción de instalar auga para poder baldear a pasarela onde hai verdín. Recorda que hai 12 parque infantís no concello e en todos fan falta intervencións para o seu mantemento pero non hai diñeiro suficiente.

Intervén D. Pablo Varela Sánchez, en representación do Grupo Municipal de Partido Popular, indicando que o abandono e a deixadez é total, recordando que cando do BNG estaba na oposición pediu que se instalara unha malla, facendo referencia que desta forma se arranxaría a “saúde traumatolóxica”. Considera que tratándose dun entorno catalogado dentro da Rede Natura pode optarse a fondos europeos para mantelo, dar seguridade e acondicionamento da entorna e así manter as competencias propias do concello. Remata recordando que se teña en conta que non é o unico espazo do concello que esta en estado manifestamente mellorable e valorarían positivamente que se teña en conta o rogo.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, indicando que faise o que se pode co que hai e entende que si que é mellorable. Informa que a zona de lodos está corrixida, o desperfecto na baranda foi provocado por unha árbore dunha persoa privada e está pendente de resolver e con respecto á malla comenta que falouse coa empresa que pode realizar esa labor e comenta que non pode facerse sobre musgo e polo tanto o primeiro que hai que facer é baldear, e remata dicindo que en todo caso o que se está a facer é traballar para solucionar os problemas.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 03/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-2739).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

Estado actual estrada de Naseiro.

Tres semanas despois de anunciar o Concello a realización de importantes tarefas de limpeza na estrada de acceso a Naseiro dende LU-161, o acceso a Naseiro segue en moi mal estado, con numerosas fochancas e acumulación de auga nas marxes, como se poder ver nas imaxes que se xuntan.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo completo dos devanditos danos da estrada de acceso a Naseiro.

Intervén D Juan Ramón Martínez Castro, sinalando que se anunciaron e acometeron os traballos xa



Concello de Viveiro

que cando chovía anegabase a zona e supoñía un perigo para o tráfico, e tamén creaba fochancas que empeoran o firme. Dito isto engade que todos os traballos que se fan van en función de prioridades e comenta que na parroquia de Chavin se están levando a cabo varias actuacións. Remata sinalando que esa actuación está na axenda e acometerase no momento oportuno en que se poida.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que a parroquia é San Pedro e indica que non vai dicir abandono pero si que é mellorable. Cataloga de pretencioso o anuncio das obras por parte da concellería comprobando o estado en que está a zona.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 03/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-2741)

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

Ponte de Carreira

En novembro de 2018 a riada que provocou importantes danos non barrio de Xunqueira, causou tamén a rotura da ponte que da acceso o lugar da Carreira en Magazos. Mais de cinco anos despois da riada a reparación da ponte da Carreira segue pendente.

No lugar da Carreira hai dúas explotacións gandeiras e para acceder as mesmas os veciños teñen que dar un importante rodeo, feito que dificulta que estas explotacións se poidan manter en funcionamento.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo da ponte da Carreira en Magazos.

Intervén D Juan Ramón Martínez Castro, entendendo que o primeiro erro foi non conseguir que se incluíse esta zona do convenio entre Augas, a deputacion e o concello para o arranxo da zona que foi destruída pola riada. Informa que no 2019 pediuse colaboración á Deputacion para un proxecto, que contemplou un custo de máis de 1000.000 €, que hoxe en día, coa subida de prezos será moito máis. O compromiso do BNG co rural é claro, invertíuse fai moi pouco na pista de Fontecova, temos moitas prioridades pero agora mesmo a situación económica non é a mellor.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, entendendo que non ten lóxica que esta zona quede sen incluír no proxecto da riada, pero quedou, e 5 anos despois estamos igual. Matiza que ás veces falan de que as parroquias quedan baleiras pero é case imposible acceder alí, teñen que acceder por outra zona que tamén esta complicada. Remata indicando que algo hai que facer debido a que xa pasaron 5 anos e hai que priorizar.

Intervén D Juan Ramón Martínez Castro, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, informando que seguiran traballando para buscar unha solución.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 03/05/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-2740)

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

Marquesiña Vieiro

En decembro de 2023 un accidente de tráfico, con saída de vía, derrubou e deixou inoperativa a marquesiña ubicada na zona do Filón en Vieiro. Como se pode ver na imaxe que se xunta, mais de catro meses dende o accidente, nada se ten feito para a reparación ou reposición da marquesiña.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo ou reposición da marquesiña ubicada na zona do Fión en Vieiro.



Concello de Viveiro

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, aclarando que din que nada se fixo e teñen que dicir que nada saben do que se fixo, argumentando que non ter policía local supón dificultades para acceder aos atestados e por iso se tardou tempo en tramitar cos seguros. Estes piden que se envíen os orzamentos para o arranxo. Informa que no 90 % dos casos só indemnizan, ten que arranxalo o concello e ademais non pagan o IVE. Indica que nesa situación están varias farolas, bolardos, escaleiras, etc., dado que os seguros tardan moito en responder e ata a aceptación non se poden arranxar. Polo de agora non se pode facer nada, buscouse unha solución resgardando os nenos na caseta de madeira da antiga oficina de turismo. Engade que esta é a única solución mentres non se repare ou decidan pagar a reposición.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, indicando que nada está feito de proveito, a marquesiña está inutilizable, o inverno pasou e está inutilizable, os feitos son os que son.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, indicando que o traballo feito é de proveito, falta só o froito final. A marquesiña está pegada á estrada indicando que a día de hoxe incluso quizá nin a permitisen as sectoriais pertinentes.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR NO PLENO ANTERIOR

Intervén D. Pablo Varela Sanchez, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á exposición do rogo indicando que no pleno de marzo o Partido Popular trouxo un rogo reclamando a atención á praia de Sacido que permanece pechada dende 2018. Lee o contestado no seu momento pola primeira tenente de alcaldía nese momento, co seguinte contido: "todo esta igual dende hai un ano, Costas ten elaborado un proxecto que a día de hoxe non coñezo, Costas no seu día dixo que se ía poñer a exposición pública e aínda non o fixo e as decisións non corresponden ao Concello, ao Concello o que lle corresponde é estar encima do asunto e ver que ocorre e aí estarán". Considera que dese xeito demostrase o escaso interese pola apertura ao recoñecer que descoñecía en que situación está o proxecto. Informa que no Cantiño na praia de Area a consecuencia da temporal descarnouse a escollera co risco de desprendemento e perigo ás portas do verán sendo a única praia que temos con distintivo de Bandeira Azul no Concello ao renunciar o Concello a éste na praia de Covas coa nova ordenanza. Rogan que o Concello reclame a Costas do Estado a reparación da escollera, e proceda á adecuación e á reparación do acceso á praia.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, explicando a situación da praia de Sacido, informando que o 22 de abril houbo unha reunión do Concello con Costas e trasladóuselle esta necesidade. O 24 de abril solicitóuselle ao Director Xeral de Costas unha reunión e neste intre estase á espera da mesma. Tamén informa que na praia de Area teñen a problemática de que se desprenden pedras nunha zona de escaleiras e están estudando tamén como abordar ese problema aínda que matiza que esta cuestión non impedirá obter a bandeira azul. Engade que no rogo se fai alusión a renunciar á bandeira azul en Covas e puntualiza que non é certo. Recorda que na ordenanza de praias está contemplado que non poden acceder aos animais en ningún horario, establecéndose Seiramar como praia de uso compartido, e resalta que Covas non consegue a bandeira azul pola falta de socorristas.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D^a. María de Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, solicitando saber en que punto esta a instrución que ía a facer a Deputación con respecto á policía local.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que houbo unha reunión con persoal da Deputación, na que tamén estivo presente a Secretaria e enviouelles a documentación precisa que solicitaron. Neste



Concello de Viveiro

intre están vendo esa documentación para nomear instrutor. Polo tanto está en proceso, aceptado.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 20:55 horas do día 8 de maio de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

